

MENTORIZADAS



MENTORING

ACOMPAÑANDO Á ECONOMÍA SOCIAL

QUE É ES-MENTORING?

A **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, a **Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop** e a **Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias** colaboran no desenvolvemento da edición 2023 do programa ES-MENTORING tralo éxito acadado no programa piloto realizado no 2022 que amosou a necesidade de consolidar un programa destas características para a economía social galega.

O programa ten como finalidade apoiar e consolidar ás cooperativas e demais entidades de economía social do tecido económico de Galicia, mediante a realización de procesos

de mentoría, que permitan compartir os coñecementos, vivencias e habilidades das persoas profesionais que teñen experiencia, con outras entidades da economía social que precisan implementar melloras.

ES-MENTORING dá resposta ás necesidades das empresas da economía social sendo un programa coñecedor das súas especificidades e características, fundamentándose nos seus mesmos valores e principios.

QUEN PODE SER MENTORIZADA?



Calquera empresa do sector da economía social pode participar no programa ES-MENTORING, terán prioridade **as cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, empresas de inserción, conxarías, as comunidades de montes, sociedades agrarias de transformación**, sen prexuízo de que se poidan atender a outras entidades do sector, como as fundacións e asociacións con actividade económica e sen fins lucrativos, ou as mutualidades.

COA COLABORACIÓN DE:



COMO E CANDO?

Hai dispoñibles **40 prazas para 40 empresas** da economía social galega, cada unha terá ao seu dispor un servizo de mentorización que durará **17 horas**, desenvolvido polas persoas mentoras do programa.

A participación en ES-MENTORING **non ten custo económico para a empresa**.

O programa desenvolverase durante o **segundo semestre do ano 2023**.



40 PRAZAS DISPOÑIBLES

As prazas cubriranse por orde de chegada.

As empresas da economía social interesadas en participar no programa ES-MENTORING deberán solicitar a súa participación cubrindo o formulario de inscrición dispoñible na web:

www.es-mentoring.gal

COMPROMISOS

1

Solicitar a inscrición

como entidade mentorizada no programa ES-MENTORING a través da web:

www.es-mentoring.gal

2

Participar nas xornadas

de presentación e peche do proxectos.

3

Asinar o documento

de compromiso e aceptar as bases do programa.

4

Participar nas actividades

propostas pola persoa mentora.

5

Participar nas titorías

conxuntas coa mentora e/ou a coordinación do programa.

6

Cubrir e enviar os cuestionarios

de valoración do programa e achegar propostas de mellora.



A COORDINACIÓN EQUIPO TÉCNICO DE AGACA E ESPAZOCOOP

O persoal dos equipos técnicos da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias e a Unión de Cooperativas EspazoCoop realizarán a selección das empresas de economía social participantes no programa, o labor de encaixe entre mentoras e mentorizadas, e a coordinación dos procesos de mentorización.

Dende a coordinación verificarase que o proceso de mentoría discorre do xeito esperado, cumprindo os compromisos e acordos.

 www.es-mentoring.gal

 esmentoringal@gmail.com

 Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias..... 981 58 47 83

 Unión de Cooperativas Galega EspazoCoop..... 981 57 55 78